

Dada a evolución da economía en España, ó longo de 1998 continuou a tendencia de moderación da inflación e dos tipos de xuro, tal e como indican os datos facilitados polo Banco de España, o IGE e o INE.

A **taxa de inflación** en Galicia –medida polo índice de prezos ó consumo no **cadro 1.4.1.**– mantense no 1,9% en 1998, igual que no ano anterior, en tanto que a taxa de variación interanual descende en España ata o 1,8%, polo que a inflación galega é unha décima superior á inflación española.

Desagregando o estudio por provincias, o **cadro 1.4.1.** amosa cómo Pontevedra, a diferenza do que acontece en 1997, é a provincia máis inflacionista, cunha taxa de crecemento do 2,2%, en tanto que Lugo e Ourense presentan taxas inferiores á media galega.

Se se observa a evolución mensual da taxa de inflación, recollida no **cadro 1.4.2.**, os meses de xaneiro, abril e maio presentan unha taxa galega de variación

da inflación superior á experimentada no conxunto do estado, mentres que resulta máis baixa nos meses de febreiro, setembro e decembro.

Por comunidades autónomas (ver **cadro 1.4.3.**), Andalucía, Aragón, Castela e León, Castela-A Mancha, Estremadura e Madrid teñen unha taxa de variación interanual da inflación inferior á de Galicia. A Comunidade Valenciana e Cantabria rexistran cifras similares á media galega e o resto, unha inflación superior.

Desagregando a análise do IPC xeral nos diferentes grupos de gasto, Galicia presenta unha taxa de crecemento superior á inflación media nos sectores de “alimentación, bebidas e tabaco”, “servicios médicos e sanitarios” e “outros bens e servizos” con taxas do 2,0%, 3,4% e 3,8%, respectivamente. Pola contra, o sector menos inflacionista foi, ó igual que en España, o grupo dos “transportes e telecomunicacións”, cunha taxa de variación interanual do 0,5%.

Un factor de análise sempre discutido no contexto da creación da inflación é

CADRO 1.4.1.

IPC galego e español 1997-98: medias e taxas de variación anuais

	1997		1998	
	índice xeral base 1992		índice xeral base 1992	
	(media anual)	(taxa de variación interanual)	(media anual)	(taxa de variación interanual)
Galicia	122,3	1,9	124,6	1,9
A Coruña	123,5	2,5	126,1	2,1
Lugo	121	1,6	122,3	1,1
Ourense	120,7	1,9	122,9	1,8
Pontevedra	122	1,4	124,7	2,2
España	121,6	2,0	123,8	1,8

Fonte: INE

CADRO 1.4.2.

IPC galego e español 1997-98: medias e taxas de variación mensuais

	1997				1998			
	índice xeral base 1992		(taxas de variación mensuais)		índice xeral base 1992		(taxas de variación mensuais)	
	(media mensual)				(media mensual)			
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Xaneiro	121,5	120,8	0,2	0,3	124,0	123,2	0,3	0,2
Febreiro	121,3	120,8	-0,2	-0,1	123,6	122,9	-0,4	-0,2
Marzo	121,4	120,8	0,1	0,0	123,6	123,0	0,0	0,0
Abril	121,5	120,9	0,1	0,0	124,0	123,3	0,3	0,2
Maio	121,8	121,0	0,2	0,1	124,4	123,5	0,3	0,1
Xuño	121,7	121,0	-0,1	0,0	124,5	123,5	0,1	0,1
Xullo	121,9	121,3	0,2	0,2	125,0	124,0	0,4	0,4
Agosto	122,6	121,8	0,6	0,4	125,4	124,3	0,3	0,3
Setembro	123,2	122,4	0,5	0,5	125,4	124,4	0,0	0,1
Outubro	123,1	122,4	-0,1	0,0	125,3	124,4	0,0	0,0
Novembro	123,5	122,6	0,3	0,2	125,2	124,3	-0,1	-0,1
Decembro	123,7	122,9	0,2	0,3	125,4	124,7	0,2	0,3

Fonte: INE

CADRO 1.4.3.

IPC xeral e por grupos de gasto das CC.AA. 1998: taxas de variación interanuais

	IPC xeral	IPC grupos de gasto							
		Alimentos, bebidas e tabaco	Vestido e calzado	Vivenda	Menaxe e servizos para o fogar	Servizos médicos e sanitarios	Transportes e comunicacións	Esparcemento, ensino e cultura	Outros bens e servizos
Andalucía	1,3	1,0	1,7	0,9	1,2	1,6	0,4	1,3	3,3
Aragón	1,4	0,5	1,6	1,1	1,6	2,7	0,8	1,2	3,4
Asturias	2,0	1,7	2,9	1,6	1,6	2,9	0,5	1,1	3,6
Baleares	2,0	2,3	1,5	1,4	1,6	3,4	0,5	2,5	3,7
Canarias	2,4	4,6	0,8	2,6	0,9	3,8	0,4	0,6	2,9
Cantabria	1,9	2,6	1,8	1,1	0,7	1,2	0,1	0,6	4,5
Castela e León	1,5	0,9	1,7	0,2	1,9	2,3	0,4	1,5	4,4
Castela-A Mancha	1,5	1,4	2,2	0,5	1,1	4,0	0,1	0,5	2,9
Cataluña	2,1	1,5	2,7	2,4	2,2	4,1	0,6	2,5	3,8
C. Valenciana	1,9	2,0	3,4	0,9	2,7	2,8	0,2	0,9	3,4
Extremadura	1,5	1,4	1,0	0,8	0,4	3,6	0,2	1,3	3,4
Galicia	1,9	2,0	1,9	1,8	1,4	3,4	0,5	1,8	3,8
Madrid	1,8	1,7	1,5	1,5	1,4	3,9	0,2	2,3	3,0
Murcia	2,2	2,5	3,1	1,6	2,5	3,1	0,0	2,4	3,7
Navarra	2,0	2,2	3,0	0,5	1,8	0,0	0,8	1,6	3,7
A Rioxa	2,0	1,1	2,3	1,1	3,4	3,7	0,6	1,2	5,1
País Vasco	2,3	2,0	2,1	1,6	2,5	3,9	0,8	2,3	4,3
Ceuta-Melilla	2,5	1,5	2,8	9,5	-1,0	4,2	-0,2	1,5	3,5
Total	1,8	1,7	2,1	1,5	1,7	3,3	0,4	1,8	3,6

Fonte: INE

Ganancia media por trabajador e mes na industria e nos servizos nas CC.AA. 1997-1998 ⁽¹⁾

	1997				1998						
	Pesetas	Indice	97/96	Pagos totais	Pesetas	Indice	97/96	Pagos totais	Pesetas	Indice	98/97
Andalucía	176.721	105,9	2,4	198.947	106,3	2,9	180.220	108,0	202.898	108,4	2,0
Aragón	191.007	106,3	1,7	220.253	107,4	2,2	192.767	107,3	222.972	108,8	1,2
Asturias	206.392	110,3	3,5	235.167	110,8	3,6	207.581	110,9	237.085	111,7	0,8
Baleares	175.478	106,7	2,3	199.406	107,6	2,7	176.395	107,3	201.452	108,7	1,0
Canarias	161.457	106,5	3,9	179.948	107,4	3,4	165.795	109,3	184.364	110,0	2,5
Cantabria	189.002	105,6	2,0	219.169	107,4	2,0	191.372	106,9	221.433	108,5	1,0
Castela - A Mancha	160.066	106,5	4,1	183.931	107,6	3,5	161.462	107,5	187.459	109,7	2,0
Castela e León	184.572	111,1	3,7	209.537	111,0	4,5	186.624	112,3	214.475	113,6	2,4
Cataluña	197.403	107,8	3,6	219.829	108,1	3,4	203.296	111,1	226.135	111,2	2,9
C. Valenciana	170.363	109,9	3,8	192.623	109,0	3,6	174.415	112,5	196.919	111,4	2,2
Extremadura	153.485	106,3	2,9	178.900	108,8	3,2	154.318	106,9	181.981	110,7	1,7
Galicia	162.521	108,5	3,3	185.501	108,3	3,3	166.962	111,4	190.682	111,3	2,8
Madrid	221.334	107,8	3,7	246.355	108,0	4,0	227.875	111,0	253.824	111,2	3,0
Murcia	148.961	106,7	3,2	168.927	106,5	3,6	152.309	109,1	172.941	109,1	2,4
Navarra	201.488	107,5	2,9	229.893	108,2	3,2	207.773	110,9	236.344	111,3	2,8
País Vasco	226.535	106,8	2,8	258.941	107,5	3,3	229.247	108,1	264.009	109,6	2,0
Riixa	173.016	109,2	4,3	199.868	111,2	5,2	174.785	110,3	202.684	112,7	1,4
Total	191.059	107,8	3,3	215.189	108,1	3,4	195.154	110,1	220.118	110,5	2,3

(1) inclúese horas extraordinarias


Fonte: INE, Encuesta de salarios en la industria y los servicios (base 1995)

CADRO 1.4.5. **Índice de prezos industriais 1997-98: taxas de variación interanuais**

	1997		1998	
	índice base 1990 (media anual)	(taxa de variación interanual)	índice base 1990 (media anual)	(taxa de variación interanual)
Xeral	121,0	1,09	120,2	-0,66
Bens de consumo	126,7	0,96	127,2	0,39
Bens de equipo	117,4	1,21	118,2	0,68
Bens intermedios	117,2	1,03	114,7	-2,13

Fonte: INE

GRÁFICO 1.4.1. **Índice de Prezos Industriais 1995-98 : taxas de variación interanuais**



Fonte: INE

a variación dos **salarios monetarios**. Atendendo á enquisa de salarios na industria e nos servizos, a taxa de crecemento dos pagamentos totais foi do 2,3% en España. No caso galego, a taxa de crecemento dos salarios foi do 2,8%, é dicir, 0,9 puntos por riba da taxa de inflación galega (**cadro 1.4.4.**)

Non obstante, a pesares deste maior crecemento dos pagamentos totais galegos, Galicia, en termos absolutos, é a quinta comunidade con salarios monetarios máis baixos: unha media de 190.682 pesetas/mes, fronte ás 220.118 pesetas ó mes de media no caso español.

Finalmente, o **Índice de Prezos Industriais (IPI)** redúcese nos últimos anos dunha forma clara, como reflicte o **cadro 1.4.5.**, ata o punto de que estamos ante un período de deflación. Ésta está motivada pola importante taxa de decrecemento no caso dos bens intermedios, onde o IPI descende un 2,13%.

No concernente ós **tipos de xuro**, no ano 1998 continúan tanto o proceso de redución dos diferenciais de tipos de xuro como a redución dos mesmos. Respecto ós diferenciais de taxas de xuro, o **cadro 1.4.6.** reflicte ese recorte tanto no caso dos rendementos da débeda pública a

CADRO 1.4.6.

Tipos de xuro e rendementos da débeda pública en España e outros países da UE 1997-98

Tipos de xuros interbancarios a tres meses (en medias de cifras diarias)	(en %)	
	1997	1998
Alemaña	3,25	3,47
Francia	3,33	3,42
Italia	6,85	4,95
Reino Unido	6,80	7,30
España	5,37	4,24

Rendementos da débeda pública a longo prazo (1)	1997	1998
Alemaña	5,64	4,57
Francia	5,58	4,64
Italia	6,86	4,88
Reino Unido	7,13	5,60
España	6,40	4,83

Diferencial España/Países da UE	1997	1998
Alemaña	0,76	0,26
Francia	0,82	0,19
Italia	-0,46	-0,05
Reino Unido	0,73	-0,77

(1) empregados para a medición da converxencia dos países da UE
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *Banco de España*

CADRO 1.4.7.

Tipos de xuros en España 1997-98

	Tipo de xuro legal	Tipo interbancario (Mibor) a un ano	Tipo activo de referencia de caixas de aforro	Tipo de referencia preferencial		Tipo pasivo de referencia de caixas de aforro
				Bancos	Caixas	
1997	7,50	5,196	7,250	7,08	6,64	3,500
1998						
Xaneiro	5,50	4,421	7,375	6,90	6,36	3,375
Decembro	5,50	3,240	6,125	5,99	5,43	2,500

Fonte: *Banco de España*

longo prazo como nos tipos de xuro interbancario a tres meses.

O **cadro 1.4.7.** amosa a evolución dalgunhas das principais taxas de xuro en España. A característica común a todas elas é o descenso progresivo nos últimos

anos, aínda que ó longo de 1998 o tipo de xuro legal permaneceu constante.

Converxencia nominal

Os requisitos de converxencia con Europa foron os elementos que se tiveron

CADRO 1.4.8.
Converxencia da economía española 1995-98

(%)

	Déficit público/PIB		Débeda pública/PIB		Tipo de xuro		Taxa de inflación	
	Criterio de converxencia	España	Criterio de converxencia	España	Límite superior	España	Límite superior	España
1995	3	7,3	60	65,5	9,7	11,27	2,7	4,7
1996	3	4,6	60	70,1	9,1	8,73	2,5	3,6
1997	3	2,6	60	68,8	8,0	6,40	2,7	1,9
1998 (1)					7,5	5,86	2,6	1,7

(1) ata o mes de xuño

Fonte: elaboración propia CES-Galicia, a partir de datos do Banco de España

en conta á hora de toma-la decisión de crear a actual UE-11 (os once membros dos *Quince* que accederon á moeda única na primeira fase).

No que respecta ó tipos de xuro e a inflación, o **cadro 1.4.8.** reflicte que España cumpriu os requisitos para entrar na Unión Económica e Monetaria. ■

Consideracións á SITUACIÓN ECONÓMICA

D

a análise da evolución da situación económica en Galicia durante o ano 1998 poderían salientarse, entre outras, as seguintes consideracións:

1.- Galicia continuou en 1998 co **ciclo expansivo** da súa economía, experimentando nese ano unha taxa de crecemento interanual do seu VEB a prezos de mercado dun 3,4%, o que supón a continuidade dun ciclo iniciado no ano 1994. A diferenza do que aconteceu en anos anteriores, este crecemento do VEB foi acompañado por un aumento do emprego dun 1,7%.

Se se compara co ano 1997, no que o VEB medrou o 3,2%, ou co crecemento medio dos países da UE, que foi do 2,8%, evidénciase con claridade a intensidade do crecemento económico de Galicia en

1998. Sen embargo, na comparación con España, Galicia medrou catro décimas por debaixo da media do incremento da economía española, que acadou o 3,8%.

Este diferencial de crecemento tradúcese nunha diminución do peso relativo da produción de bens e servizos de Galicia en relación ó total de España. Se en 1997 Galicia xeraba o 5,79% do PIB de España, en 1998 a súa aportación foi do 5,77% do total (Fonte: Funcas).

Por outra banda, os datos de 1998 amosan que Galicia mantén a mesma tendencia de comportamento da economía española, cunha clara sincronía entre as fases expansivas e as recesivas.

2.- O maior crecemento da economía española en relación á media dos países da

UE facilitou nos últimos anos unha aproximouse ós niveis de riqueza dos países da Unión Europea, pero exhibe un comportamento desigual por comunidades autónomas. O indicador de converxencia real por habitante de España coa UE-15 (fonte: Funcas) no período 1997-1998 sinala unha mellora do 1,4 puntos, pasando do 83,50% ó 84,90%.

No caso galego, continúa o proceso de **converxencia** coa UE-15 dos anos anteriores, xa que os índices indican unha mellora da mesma ó pasar de 70,2% en 1997 ós 71,7% de 1998. No caso da comparación con España, en 1998 redúcese unha décima o diferencial existente co índice español nos anos 1997 e 1998: en 1997 era de 13,3 puntos e en 1998 esa diferenza é de 13,2 puntos.

Unha das explicacións desta leve converxencia con España sería a diferente evolución demográfica, xa que mentres que en Galicia a poboación descende un 0,66%, no conxunto estatal, a poboación aumentou un 0,46% respecto ó Padrón de 1996.

O indicador da Renda Familiar Bruta Disponible (RFBD) por habitante amosa unha mellora en 1998 e eleva o índice en Galicia ó 93,70% do valor medio de España. Se en termos de produción por habitante Galicia representa o 84,33% do valor medio de España vese que hai un diferencial de 9,37 puntos que se explican pola existencia de mecanismos de compensación (transferencias de rendas e de capitais). Nunha clasificación das comunidades autónomas segundo o índice por habitante do nivel da RFBD, Galicia ocuparía o 13º lugar.

3.- A taxa de inflación en Galicia, medida a través do índice de prezos ó con-

sumo (IPC), mantívose ó longo de 1998 no seu mínimo histórico (1,9%). En 1998 a taxa de inflación foi unha décima superior á existente en España, onde a taxa de inflación baixou do 2,0% de 1997 ata o 1,8% do ano considerado.

4.- Desde o punto de vista da oferta, a característica principal de 1998 é o crecemento dos sectores productivos non agrarios e a importante recesión do sector primario en Galicia (Fonte: IGE). En 1998 os sectores non agrarios creceron un 3,9% en Galicia, fronte ó 3,5% do ano anterior, en tanto que o sector primario continuou a fase recesiva iniciada no último trimestre do ano 1997 e rexistrou unha taxa negativa de crecemento en 1998 do 2,5%.

O **sector primario**, agricultura e pesca, tivo un comportamento negativo en 1998 (-2,5% respecto ó ano anterior), ó contrario do experimentado en España, onde este sector creceu a unha taxa de 0,8% despois dunha recesión no ano 1997 (-1,2%). Segundo os datos de Funcas, o peso do sector agrario no VEB galego é do 9,22% moi superior ó peso relativo do sector primario en España que é do 4,98%.

O **sector industrial** creceu en 1998 a unha taxa do 5,8%, fronte ó 4,9% do ano anterior, sendo superior á media española, que foi do 5,1%. Este sector segue sendo, ó igual que ó ano anterior, o que máis medra da economía galega, e presentou un crecemento máximo do 6,3% no segundo trimestre do ano, que se ralentiza nos seguintes trimestres. O peso relativo deste sector no VEB total galego e do 20,70%, inferior ó 22,13% da economía española.

O sector da **construcción** experimentou en 1998 un proceso de consolidación da súa recuperación, xa que pasou da recesión en 1996, cunha variación negati-

va de 3,4%, a un crecemento positivo do 1,6% en 1997 e ó 3,1% do ano 1998. Cómpre destacar que o proceso de recuperación materialízase a medida que avanza o exercicio, presentando no último trimestre do ano a maior taxa de crecemento da economía galega cun 5,2%, superior ó 5,1% experimentado polo sector industrial. Ó igual que acontecía no caso do sector primario, o seu peso relativo no VEB galego (9,15%) é superior ó peso deste sector en España (7,66%)

Os **servicios** tiveron un crecemento medio igual ó experimentado o ano anterior (3,0%) en Galicia, superior ó crecemento medio estatal, que foi de 2,7%. Este é o sector máis importante en canto á xeración do VEB galego, xa que aporta o 60,92% do mesmo en 1998, inferior á aportación do sector na economía española, que foi do 65,22% en 1998.

5.- Desde o punto de vista da demanda, no ano 98 continúa a recuperación da demanda interna baseada no consumo e no investimento privado. O consumo privado increméntase por mor da melloría da renda bruta dispoñible (poder de compra) nun 6,98%. O incremento do investimento privado débese a melloría das expectativas empresariais producida polo descenso das taxas dos xuros, a caída da carga financeira e o coeficiente de endebedamento.

Os últimos datos dipoñibles sobre o **stock de capital** neto territorializado (1994) indican que Galicia representa o 5,4% do total do *stock* de capital neto de España, sendo esas porcentaxes do 5,7% e do 5,3% no caso do *stock* de capital público e privado, respectivamente.

O **investimento estranxeiro** en Galicia experimentou un descenso do 23,3%

respecto ó ano anterior, ó contrario do que acontece en España, onde creceu un 3,1%. En termos relativos, o investimento estranxeiro en Galicia representou o 0,3% do total de España, só por diante das comunidades de Cantabria, Extremadura, Ceuta e Melilla. Este descenso reflicte as dificultades que ten Galicia para atraer investimentos do estranxeiro.

6.- O sector exterior, e en especial a balanza comercial, confirmou en 1998 os rasgos que ó caracterizaron nos últimos anos: un elevado grao de apertura da economía galega ó exterior, como o demostra o feito de que o volume do comercio exterior (importacións + exportacións) foi equivalente ó 38,19% do PIB galego en 1998.

O comercio exterior galego experimentou unha forte ralentización no crecemento das exportacións, que medraron un 8,74%, fronte o 14,71% do ano anterior. As importación medraron un 14,42% en 1998, en tanto que en 1997 o seu crecemento fora do 15,10%. Esta forte ralentización das exportacións provocou un descenso da taxa de cobertura, que baixou do 91,3% de 1997 ó 86,3% deste ano. Malia este importante descenso, esta taxa supera con claridade á taxa española, que foi do 82,1%.

O comercio exterior galego seguiu caracterizándose por unha elevada concentración xeográfica, xa que o 79,78% das súas exportacións dirixíronse a países da Unión Europea, o que é un fiel reflexo da integración económica de Galicia no espacio da UE.

Neste ano agudízase a característica da acusada especialización sectorial e territorial do comercio exterior. En cinco capítulos concéntrase o 66,44% das

exportacións e o 68,66% das importacións de Galicia e, á vez, a provincia de Pontevedra concentra o 63,0% das importacións e o 64,8% das exportacións galegas.

Salienta o comportamento do téxtil en 1998. Neste sector, as exportacións crearon un 48,23% respecto ó ano anterior, para situarse nos 66.992 millóns de pesetas. No ano 1998, entre os dez capítulos exportadoras máis importantes atópanse dúas partidas correspondentes ó subsector téxtil (o 62, “prendas e complementos de vestir, agás os de punto”, que ocupa o terceiro posto, e a 61, “prendas e complementos de vestir, os de punto”, no décimo posto). ■